

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE DEFENSA

**3186** *Real decreto 283/2017, do 24 de marzo, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2017-2021.*

O artigo 16.3 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, establece que o Consello de Ministros, por proposta do ministro de Defensa, fixará con vixencia para os períodos cuadrienais os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais por corpos, escalas, e os empregos dos militares de carreira, agás os correspondentes aos dous primeiros empregos, cuxos efectivos serán os que resulten das provisións de prazas e da aplicación do sistema de ascensos por antigüidade.

O Real decreto 386/2013, do 31 de maio, polo que se fixan os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das Forzas Armadas para o período 2013-2017, establece a súa vixencia ata o 30 de xuño do ano 2017.

A este respecto, no ciclo 2016-2017 dos citados cadros de persoal regulamentarios, dáse por finalizado o proceso de axuste do número máximo de oficiais xenerais e coroneis previsto no artigo 16.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, tal e como fora autorizado pola disposición adicional décimo quinta da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009.

Igualmente, as disposicións transitorias cuarta.16 e quinta.8 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, habilitan o ministro de Defensa para determinar os cadros de persoal das escalas que se van extinguir de oficiais e os cadros de persoal dos militares de complemento, diferenciando os de militares de carreira; e por outro lado, a disposición derogatoria única.2 da citada Lei da carreira militar mantén en vigor a disposición transitoria terceira, réxime do persoal das escalas que se van extinguir, da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime de persoal das Forzas Armadas.

Durante a súa tramitación, sobre este real decreto emitiu informe o Ministerio de Facenda e Función Pública. Así mesmo, conforme o artigo 40.1.c) da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, deuse coñecemento desta disposición ás asociacións profesionais inscritas no Rexistro de Asociacións Profesionais de Membros das Forzas Armadas e, conforme o establecido no artigo 49.1.b) da citada lei orgánica, tivo coñecemento e foi oído o Consello de Persoal das Forzas Armadas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 24 de marzo de 2017,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Aprobación dos cadros de persoal.*

1. Apróbanse os cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais, militares de carreira, por corpos, escalas, e os empregos, agás os correspondentes aos dous primeiros empregos que se indican no anexo, que terán vixencia desde o día 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2021, ambos os dous incluídos.

A distribución faise en períodos anuais que comezan o 1 de xullo e finalizan o 30 de xuño do ano seguinte.

2. Ademais dos anteriores, apróbase o cadro de persoal indistinto de oficiais xenerais para dotar os postos nos órganos centrais, incluído o Estado Maior da Defensa, e nos

demais organismos do Ministerio de Defensa que non estean expresamente asignados a un corpo determinado que se indica no anexo.

Artigo 2. *Efectivos máximos por empregos.*

Os cadros de persoal que se establecen representan os efectivos máximos en cada emprego durante cada un dos ciclos anuais e inclúen todo o persoal que se encontre nas situacións administrativas de servizo activo e suspensión de funcións.

Artigo 3. *Amortización de excedentes.*

Os excedentes de cadro de persoal que existan en cada momento nos distintos empregos e escalas en relación cos cadros de persoal aprobados por este real decreto amortizaranse, de acordo co fixado no artigo 16.5 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e non se daran para o ascenso as seguintes vacantes:

Nos empregos da categoría de oficiais xenerais, a primeira que se produza de cada dúas.

Nos restantes empregos, a primeira que se produza de cada tres.

Disposición adicional única. *Empregos de contralmirante e xeneral de brigada da Armada.*

O xefe do Estado Maior da Armada poderá decidir, motivadamente e con expresión das necesidades do servizo que o xustifiquen, o incremento do cadro de persoal de contralmirante do corpo xeral da Armada co conseguente decrecemento do de xeneral de brigada do corpo de infantaría de mariña, ou viceversa, sempre que permaneza invariada a suma de ambos os dous cadros de persoal establecidos no anexo, os cales non poderán ser alterados por esta canle, nin nun sentido nin no contrario, en máis de dous efectivos.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de defensa e das Forzas Armadas.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa.*

1. O ministro de Defensa determinará anualmente, en ciclos que comezan o 1 de xullo e finalizan o 30 de xuño do ano seguinte, os cadros de persoal por corpos, escalas e empregos das escalas que se van extinguir de oficiais, conforme a disposición transitoria cuarta.16 da Lei 39/2007, do 19 de novembro; os cadros de persoal por empregos dos militares de complemento adscritos aos diversos corpos e escalas, diferenciando os dos militares de carreira, de conformidade coa disposición transitoria quinta.8 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e os cadros de persoal das escalas que se van extinguir conforme a disposición transitoria terceira da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime do persoal das Forzas Armadas.

Os efectivos asignados nestes cadros de persoal aos empregos de tenente coronel, comandante, subtenente e brigada deduciranse dos cadros de persoal aprobados polo artigo 1 deste real decreto para os períodos anuais e empregos correspondentes, nos corpos que se determine.

2. Autorízase o ministro de Defensa para modificar os cadros de persoal de oficiais xenerais de cada período anual establecidos no anexo, no sentido de diminuír os de

tenente xeneral/almirante en aumento dos de xeneral de división/vicealmirante e de diminuír os previstos para este emprego aumentando os de xeneral de brigada/contralmirante, sen que se produza variación no número máximo de oficiais xenerais.

Disposición derradeira terceira. *Facultade de desenvolvemento.*

Autorízase o ministro de Defensa para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 24 de marzo de 2017.

FELIPE R.

A ministra de Defensa  
MARÍA DOLORES DE COSPEDAL GARCÍA

## ANEXO

**Cadros de persoal regulamentarios de oficiais xenerais, oficiais e suboficiais das  
Forzas Armadas para o período 2017-2021**

A) *Exército de Terra*

## 1. Corpo xeral

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de exército . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Tenente xeneral . . . . .	8	8	8	8	-	-	-	-
Xeneral de división . . . . .	17	17	17	17	-	-	-	-
Xeneral de brigada . . . . .	41	41	41	41	-	-	-	-
Coronel . . . . .	472	472	472	472	-	-	-	-
Tenente coronel . . . . .	1.485	1.470	1.460	1.450	-	-	-	-
Comandante . . . . .	1.750	1.700	1.650	1.600	-	-	-	-
Suboficial maior . . . . .	-	-	-	-	209	210	211	212
Subtenente . . . . .	-	-	-	-	4.224	4.024	3.879	3.749
Brigada . . . . .	-	-	-	-	4.150	4.024	3.904	3.795

## 2. Corpo de intendencia

Empregos	Escala de oficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1
Xeneral de brigada . . . . .	3	3	3	3
Coronel . . . . .	33	33	33	33
Tenente coronel . . . . .	162	153	143	137
Comandante . . . . .	140	127	122	121

## 3. Corpo de enxeñeiros

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2	-	-	-	-
Coronel . . . . .	22	22	22	22	-	-	-	-
Tenente coronel . . . . .	62	58	53	50	5	5	5	5
Comandante . . . . .	37	29	25	25	39	39	39	39

## B) Armada

## 1. Corpo xeral

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Almirante xeneral . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Almirante . . . . .	4	4	4	4	-	-	-	-
Vicealmirante . . . . .	8	8	8	8	-	-	-	-
Contralmirante . . . . .	9	9	9	9	-	-	-	-
Capitán de navío . . . . .	126	126	126	126	-	-	-	-
Capitán de fragata . . . . .	343	353	360	373	-	-	-	-
Capitán de corveta . . . . .	454	446	439	434	-	-	-	-
Suboficial maior . . . . .	-	-	-	-	64	64	64	64
Subtenente . . . . .	-	-	-	-	1.033	1.027	1.021	1.015
Brigada . . . . .	-	-	-	-	1.171	1.157	1.144	1.130

## 2. Corpo de infantaría de mariña

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2	-	-	-	-
Coronel . . . . .	34	34	34	34	-	-	-	-
Tenente coronel . . . . .	89	93	99	96	-	-	-	-
Comandante . . . . .	112	112	114	112	-	-	-	-
Suboficial maior . . . . .	-	-	-	-	12	12	12	12
Subtenente . . . . .	-	-	-	-	173	171	169	167
Brigada . . . . .	-	-	-	-	188	185	183	181

## 3. Corpo de intendencia

Empregos	Escala de oficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2
Coronel . . . . .	28	28	28	28
Tenente coronel . . . . .	70	73	70	70
Comandante . . . . .	83	84	85	85

## 4. Corpo de enxeñeiros

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Vicealmirante . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Contralmirante . . . . .	2	2	2	2	-	-	-	-
Capitán de navío . . . . .	21	21	21	21	-	-	-	-
Capitán de fragata . . . . .	37	37	36	37	1	2	2	2
Capitán de corveta . . . . .	42	42	42	42	11	13	13	13

## C) Exército do Aire

## 1. Corpo xeral

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de exército . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Tenente xeneral . . . . .	4	4	4	4	-	-	-	-
Xeneral de división . . . . .	9	9	9	9	-	-	-	-
Xeneral de brigada . . . . .	11	11	11	11	-	-	-	-
Coronel . . . . .	145	145	145	145	-	-	-	-
Tenente coronel . . . . .	380	389	398	407	-	-	-	-
Comandante . . . . .	446	447	447	447	-	-	-	-
Suboficial maior . . . . .	-	-	-	-	116	114	112	110
Subtenente . . . . .	-	-	-	-	1.543	1.532	1.521	1.509
Brigada . . . . .	-	-	-	-	1.978	1.943	1.908	1.873

## 2. Corpo de intendencia

Empregos	Escala de oficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2
Coronel . . . . .	16	16	16	16
Tenente coronel . . . . .	57	57	57	57
Comandante . . . . .	64	63	62	61

## 3. Corpo de enxeñeiros

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Xeneral de brigada . . . . .	2	2	2	2	-	-	-	-

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Técnica			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Coronel . . . . .	13	13	13	13	-	-	-	-
Tenente coronel . . . . .	31	30	29	28	7	7	7	7
Comandante . . . . .	29	28	27	26	82	79	76	73

D) *Corpos comúns das Forzas Armadas*1. *Corpo xurídico militar*

Empregos	Escala de oficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral conselleiro togado . . . . .	3	3	3	3
Xeneral auditor . . . . .	7	7	7	7
Coronel . . . . .	26	26	26	26
Tenente coronel . . . . .	74	72	69	66
Comandante . . . . .	74	74	73	72

2. *Corpo militar de intervención*

Empregos	Escala de oficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	2	2	2	2
Xeneral de brigada . . . . .	3	3	3	3
Coronel . . . . .	25	25	25	25
Tenente coronel . . . . .	61	61	60	60
Comandante . . . . .	74	69	65	60

3. *Corpo militar de sanidade*

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Oficiais enfermeiros			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Xeneral de división . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Xeneral de brigada . . . . .	8	8	8	8	-	-	-	-
Coronel . . . . .	88	88	88	88	-	-	-	-
Tenente coronel . . . . .	350	330	310	285	12	12	12	12
Comandante . . . . .	305	305	305	305	80	83	86	88

## 4. Corpo de músicas militares

Empregos	Escalas							
	Oficiais				Suboficiais			
	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Coronel . . . . .	1	1	1	1	-	-	-	-
Tenente coronel . . . . .	5	5	5	5	-	-	-	-
Comandante . . . . .	10	10	10	10	-	-	-	-
Suboficial maior . . . . .	-	-	-	-	25	25	25	25
Subtenente . . . . .	-	-	-	-	139	134	129	125
Brigada . . . . .	-	-	-	-	150	150	150	150

## E) Cadro de persoal indistinto de oficiais xenerais

Ciclo	2017/ 2018	2018/ 2019	2019/ 2020	2020/ 2021
Oficiais xenerais . . . . .	40	40	40	40